



INFORME DE VALORACIÓN DO TELETRABALLO NO PARLAMENTO DE GALICIA

En contestación ao escrito de solicitude da Xunta de Persoal do Parlamento de Galicia de valoración da modalidade de teletraballo dende a súa implantación ata a actualidade, infórmase o seguinte:

Mediante acordo da Mesa do Parlamento do 27 de setembro de 2010 aprobáronse as Normas reguladoras do teletraballo na Administración do Parlamento de Galicia.

As finalidades do teletraballo, de acordo co establecido no artigo 3 das ditas normas, son as seguintes:

- a) Conciliar a vida persoal, familiar e laboral posibilitando a flexibilidade temporal e a autonomía no desenvolvemento da actividade laboral.
- b) Mellorar a calidade da prestación dos servizos, coa potenciación do traballo por obxectivos.
- c) Aumentar a motivación e o rendemento persoal.
- d) Diminuír o absentismo laboral, ao poder compatibilizar mellor as obrigas persoais, familiares e laborais.

Dende o inicio do teletraballo na Administración do Parlamento de Galicia participaron nel 12 funcionarios/as do Servizo de Publicacións e do Servizo de Asistencia Parlamentaria, cinco dos cales foron participantes no programa piloto que se desenvolveu no ano 2009.

De acordo cos informes emitidos polos responsables das ditas unidades, a valoración é a seguinte:

1) Servizo de Publicacións.

No Servizo de Publicacións participaron na modalidade de teletraballo tanto persoal Técnico de Publicacións, como persoal Administrativo, estando acollidos a esta modalidade no 2014:

- Dúas Administrativas de transcripción
- Cinco Técnicos de publicacións.

A meirande parte destes traballadores/as levan traballando nesta modalidade desde a posta en marcha do teletraballo no Parlamento de Galicia.



Actualmente, a área de edición e maquetación está fóra da aplicación do teletraballo, se ben no informe emitido polo Xefe/a do Servizo de Publicacións sobre valoración do teletraballo, considerase que esta área pode incluírse para 2015, na modalidade de coincidencia horaria co traballo presencial.

A modalidade de teletraballo esténdese a todos os meses do ano, excepto os meses de xullo e agosto.

Os obxectivos que se fixan para cada traballador do Servizo de Publicacións están focalizados a contribuír ao cumprimento dos obxectivos xerais. Ademais, dado que as tarefas desenvolvidas na modalidade de teletraballo non difiren en nada das que se poden realizar en presencial, os obxectivos das persoas en teletraballo non presentan especificidades respecto daqueles fixados para os traballadores que non están acollidos a esta modalidade.

Cumprimento dos obxectivos e avaliación da modalidade de teletraballo

- i) Os obxectivos xerais e específicos de cada traballador poden entenderse conseguidos cun alto grao de satisfacción nas áreas en que participa persoal en teletraballo.
- ii) Os sistemas telemáticos en funcionamento permiten unha realización dos traballos sen ningún tipo de inconveniente.
- iii) A modalidade de teletraballo pode considerarse que en nada distorsiona o normal funcionamento do servizo; máis aínda, enténdese que contribúe á consecución dos obxectivos ao facilitarlle ao persoal a conciliación da súa vida familiar e laboral.
- iv) Finalmente, só cabe engadir que, a día de hoxe, son revisables algunhas cuestións como os prazos de execución dos traballos de revisión e edición do DSPG, pero en nada condiciona a consecución de melloras o feito de que o persoal traballe na modalidade presencial ou de teletraballo.

2) Servizo de Asistencia Parlamentaria

No Servizo de Asistencia Parlamentaria, o número de funcionarios/as e tipoloxías dos postos de traballo acollidos ao sistema de teletraballo foi variando ao longo do período, iniciándose na área administrativa para logo estenderse á área de biblioteca e documentación.

Cumprimento dos obxectivos e avaliación da modalidade de teletraballo

- i) Constátase que a prestación de servizos na modalidade de teletraballo é realizable e extensible á práctica totalidade dos procesos administrativos coa excepción daqueles vinculados ao Rexistro Xeral e os que requiran presenza directa de funcionarios/as, ben por razón da inmediatez da actuación administrativa, ben por requirir a presenza directa en reunións dos órganos da Cámara. Igualmente, os procesos de teletraballo foron aplicables na área de



biblioteca e documentación, confirmándose que son extensibles á práctica totalidade dos procesos de análises documental presentando, unicamente dificultades no tratamento de materiais bibliográficos en soporte físico.

- ii) O persoal do Servizo de Asistencia Parlamentaria que prestou servizos na modalidade de teletraballo acreditou habilidades telemáticas e bo manexo das aplicacións de comunicación (telefónicas e de uso de correo electrónico) e de produción (Ágora, Sapa; Teco e Séneca). En relación á asistencia prestada polo Servizo de Tecnoloxías da Información foi moi positiva e contribuíu decididamente ao éxito do sistema.
- iii) O ensamblaxe dos procesos administrativos entre as tarefas de teletraballo e os traballos presenciais na oficina, funcionou correctamente e foi compatible coa aplicación aos ritmos e ás secuencias do traballo parlamentario e, xa que logo, á programación das sesións, tanto dos órganos de dirección e coordinación -Mesa, Xunta de Portavoces- como dos de traballo -Pleno, Comisión- e a presenza na institución e demanda de servizos das deputadas e dos deputados e grupos parlamentarios.
- iv) Ao longo do período funcionou correctamente a comunicación entre a xefatura do servizo e os funcionarios/as en réxime de teletraballo e houbo por parte destas, plena dispoñibilidade, mediante comunicación telefónica ou correo electrónico, que permitiu responder con prontitude razoable á demanda de servizos en liña.
- v) No proceso de realización dos traballos administrativos non se aprecia unha mellora significativa nin na calidade dos traballos nin no rendemento laboral. Para efectos de eficacia e eficiencia do sistema administrativo, pasada a fase inicial de implantación, co transcurso do tempo o sistema de teletraballo revélase como neutral.
- vi) É constatable, mediante análise das partes de asistencia, unha mellora dos datos relativos ao absentismo laboral.
- vii) Aínda que non provocou incidentes, apréciase en ocasións reticencias respecto da aplicación do sistema por parte do persoal alleo ao teletraballo que ten a percepción de que o mesmo supón un sobreesforzo para o persoal presente na oficina.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2014

O Director de Recursos Humanos e Réxime Interior

Santiago González Serrano

XUNTA DE PERSOAL. PARLAMENTO DE GALICIA